

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR E A FEDERACIÓN
GALEGA DE CONFRARÍAS DE PESCADORES .

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro **DECLARA:**

Que esta Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro ten previsto formalizar coa Federación Galega de Confrarías de Pescadores o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 27.05.2022 ata o 16.12.2022.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións de colaboración entre a Consellería do Mar e a Federación Galega de Confrarías de Pescadores co fin de financiar as inversións que leve a esta institución sen ánimo de lucro a acadar a mellora da competitividade.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Que se trata dunha subvención nominativa porque na Lei 17/2021, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022 figura a dotación orzamentaria no capítulo VII de Transferencias de Capital, 15.03.722A.781.2, proxecto 2014 00639, destinada a financiar convenios coas federacións de confrarías de pescadores para realizar determinadas inversións.

E de conformidade co artigo 26 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente.

Que os investimentos previstos coa axuda da Consellería do Mar teñen por obxecto acometer melloras térmicas e de illamento do falso teito da sede da Federación o que



mellorará as condicións de traballo. Tamén está prevista a instalación dun videoporteiro que permitirá a mellora na seguridade das instalacións.

Por outra banda a federación pretende mellorar os seus equipamentos informático, para o cal ten prevista a instalación de novo equipamento desta índole no despacho da secretaria da confraría e do presidente da mesma.

Finalmente buscando a mellora da competitividade nas confrarías de pescadores preténdese acometer accións formativas e divulgativas dirixidas ás confrarías e aos seus membros consistentes en:

- Unha acción formativa semipresencial que terá como fin actualizar aos gardas das confrarías de pescadores na resolución de conflitos e intervención en situación de crise, có que poder dotalos das ferramentas que lles permitan a través da comunicación evitar o conflito nunhas funcións que a miúdo resultan tensas e conflitivas.
- Formación en primeiros auxilios dirixida tanto ao persoal como aos directivos das confrarías de pescadores de Galicia, nesta formación periódica o que se pretende dotar de coñecementos para saber reaccionar ante emerxencias no entorno laboral das confrarías de pescadores.
- Na busca da mellora da competitividade das lonxas e das confrarías de pescadores, preténdese facer un estudo no que se poña de manifesto a saúde mental e riscos psicosociais que se poidan dar nestas contornas laborais.
- Organización dunha xornada denominada “Actores na protección e control do medio mariño: o papel das confrarías de pescadores” no que se presenta a necesidade de enfocar o papel das confrarías de pescadores nas actuacións de protección e control do medio mariño e a necesidade de por en valor as actividades destas entidades e o esforzo organizativo que realizan.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro do 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.



En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria , en Santiago de Compostela

A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

Susana Rodríguez Carballo
(asinado dixitalmente)

